

MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA OBRA DE AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO Ó NÚCLEO DE VILAR (PARROQUIA DE ADAI) Exp. 44/2017. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA. -----

Sendo as 13:00 horas do día 13 de decembro de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei Xefe do Servizo de contratación, patrimonio e fomento, e actuando como vocais:

- don Manuel Louzao Aldariz como Asesor Xurídico.
- dona Maria Baza, en substitución do Interventor Municipal
- don Pablo Fuentes Failde, xefe servizo Enxeñería
- dona Ana Tabarés Martínez, técnico do servizo de contratación actuando como Secretaria da mesa.

Procedese por parte do Presidente a lectura do informe do Negociado de rexistro de data 12 de decembro, no que se pon de manifesto que a sinalada licitación presentáronse as seguintes empresas:

- DESMACO SL
- PORTOSAR GALICIA SL
- ADECON OBRAS Y SERVICIOS SL
- CONSTRUCCIONES SANLE LUGO SL
- T.A. ISIDRO HNOS. BLANCO TRIGO SL
- GRUPO BASCUAS 2008 SL
- OBRAS Y VIALES CERNE SL
- CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO SL
- OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU
- GARVI LUGO CONSTRUCCIONES PROYECTOS Y REFORMAS SL
- CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ SL
- OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL
- ABILLEIRA CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS AVANZADOS SL

A continuación procédese á apertura do sobre A) que contén a documentación administrativa, sendo correcta en tódolos casos, agás a presentada pola mercantil CONSTRUCCIONES SANLE LUGO S.L que meteu a oferta económica no sobre A) corespondente a documentación administrativa polo que procede a súa exclusión; procedendo, a continuación, nos demais casos á apertura do sobre B) que contén a proposta económica no lugar e datas sinalados.

O PRESIDENTE,

Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei.



A SECRETARIA,

Asdo.: Ana Tabarés Martínez